

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezasete de setembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da obra de pavimentación de beirarrúas no polígono industrial do ceao, ref. 2025/C002/000020.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como da adxudicación por procedemento aberto na concesión demanial para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería sita no complexo deportivo da piscina municipal cuberta do parque da Milagrosa e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C012/000004.

Tamén se acorda a primeira prórroga dende o 23 de setembro de 2025 ao 22 de setembro de 2026 na contratación do servizo de actividades lúdicas para nenos e nenas no mercado municipal, exp. ref. 2024/c003/000011.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de mellora de dous camiños municipais en Belesar (San Xoán do Campo) e Segade (Teixeiro), Lugo. obra incluída no Plan Camiña Rural 2025-2026 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7643369475299091440.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-9-2025

e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C002/000023.

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar o escrito presentado solicitando a revisión da liquidación provisional nº 12592379 en concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e polo imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Acórdase a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal xeral.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal número 200, imposto sobre vehículos tracción mecánica.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmoables.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de modificación da ordenanza número 406, reguladora do servizo municipal comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

3. ARQUIVO.- Acórdase a validación de omisión da función interventora no pagamento de taxas de reprodución e publicación/difusión do Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

4. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a aprobación das bases da convocatoria de subvencións competitivas 2025 da área de participación e servizos para a veciñanza, dirixidas a asociacións veciñais que realizan actividades na esfera da participación social.

Fóra da orde do día

- Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de

Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización e execución de “Actividades San Froilán 2025”. No Concello de Lugo, ano 2025.

- Modificación da Base de Execución do Presuposto: Modificación contido na Base 24.E). Subvencións nominativas.

- Atribución temporal de funcións como sarxento de bomberos do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS).

- Atribución temporal de funcións como cabo de bombeiros do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán.